

PLAN XERAL ANUAL

**CPI AS MIRANDAS
CURSO 2019-2020**



ÍNDICE

	Páxina
1. Obxectivos xerais curso 2019-2020.	3
2. Horario xeral. Criterios pedagóxicos.	6
3. Organización: Calendario Escolar. Datas Avaliación.	7
4. Programa anual de Actividades Complementarias e Extraescolares.	9
5. Plans e Programas de Formación do Profesorado. Equipos de Dinamización	11
6. Servizos Complementarios.	12
7. Plan Xeral de Avaliación do centro.	13
8. Procedemento para avaliar a PXA.	14
9. Cumprimento procedemento de aprobación do P.X.A.	15
Anexo I Normas no comedor	
Anexo II Normas no transporte	
Anexo III Normas da Biblioteca	
Anexo IV Plan Igualdade	

1.- OBXECTIVOS XERAIS. CURSO 2019-20

No presente curso escolar queremos conseguir os seguintes obxectivos enmarcados dentro dos distintos ámbitos e aplicando as medidas nomeadas:

OBXECTIVOS	ORGANIZACIÓN		
CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN/MEDIDAS	TEMPORALIZACIÓN	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<p>1. Facilitar un clima de confianza e de relacións humanas que faciliten o traballo diario.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adoptar un estilo de convivencia que resalte os aspectos positivos do alumnado e do profesorado, que normalmente pasan desapercibidos sendo sempre os aspectos negativos os que teñen máis repercusión. • Fomentar a información e o intercambio de ideas e establecendo a recollida periódica de suxestións de mellora na organización do centro. • Xestionar os conflitos e consideralos como un estímulo do proceso de diálogo e comunicación 	Ao longo do curso	Alumnado, profesorado e persoal non docente	Equipo directivo
<p>2 Acoller adecuadamente ao alumnado de nova incorporación.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aplicar o Plan de Acollida de alumnado de nova incorporación: elaborado, en colaboración coas Xefaturas de Estudos, polo Departamento de Orientación. Neste Plan integraranse: <ul style="list-style-type: none"> ◦ O Plan de acollida ao alumnado estranxeiro ◦ O Plan de Adaptación para o alumnado de E. Infantil. 	No primeiro trimestre	Novo alumnado	Profesorado asesorado polo Dptode Orientación
<p>3 Mellorar a integración de todo o alumnado no seu grupo e no Centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Continuar participando nas actividades propostas polos Servizos Sociais do Concello de Ares relativas a habilidades sociais, educación para a convivencia, educación para a saúde, etc., así como a colaboración coa ANPA. • Traballar coa colaboración de todo o profesorado no coidado dos espazos de 	Ao longo do curso	Alumnado	A Comunidade Educativa

<p>traballo, implicando ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Potenciar o establecemento de xogos, competicións deportivas, actividades colectivas, grupos de traballo de coidado do contorno, etc. nos recreos e determinados días de celebración. 			
<p>4 Poñer en práctica o Plan de Convivencia e velar polo seu cumprimento.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Facer coñecer e implicar a toda a comunidade educativa no Plan de Convivencia Escolar xa elaborado e dinamizar a súa posta en marcha. • Continuar colaborando cos servizos sociais do Concello nos casos que se considere preciso. 	Ao longo do curso	Comunidade Educativa	Equipo Directivo
<p>5. Fomentar o desenvolvemento persoal, favorecendo a igualdade de xénero :</p> <ul style="list-style-type: none"> • Continuar as actividades de tutoría co alumnado: Charlas Plan Director • Dar a coñecer o plan de igualdade. • Dinamizar as funcións dos delegados e delegadas de curso, coa colaboración do D. de Orientación e os titores e titoras e coa participación do alumnado. • Potenciar as conmemoracións institucionais de datas sinaladas e relativas á igualdade de xénero, a non violencia 	Ao longo do curso	Ao alumnado	Departamento de Orientación, titorías e equipo directivo
<p>6. Apoiar o traballo do profesorado, aumentando a súa implicación na organización e funcionamento do Centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Favorecer a participación de todo o profesorado na toma de decisións que afecten á vida do Centro, estando sempre abertos ás iniciativas ou suxestións de mellora do Centro(Plans, proxectos, actividades...) 	Ao longo do curso	Profesorado	O equipo directivo
<p>7. Fomentar a colaboración e implicación das familias na tarefa educativa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Impulsar a comunicación e o intercambio de información coas familias (Reunións formativas e informativas) • Escola de nais/pais 	Ao longo do curso	Familias	Profesorado, Orientadora e equipo directivo
<p>8. Colaborar activamente coa ANPA e o Concello.</p>	Ao longo do curso	Alumnado	Equipo directivo

<ul style="list-style-type: none"> Intercambiar informacións e coordinar as distintas actividades programadas e subvencionadas durante o curso escolar (festa fin de curso, actividades extraescolares e complementarias....) 			
PEDAGÓXICO E DE PLANIFICACIÓN DOCENTE / MEDIDAS	TEMPORALIZACIÓN	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
1. Mellorar o rendemento académico do alumnado: <ul style="list-style-type: none"> Reforzar a aprendizaxe das técnicas instrumentais, favorecer os reforzos e desdobres nesas áreas Favorecer a coordinación dos titores e titoras co profesorado de apoio (P.T. e A.L.) Fomentar a lectura: Potenciar Plan Lector; Solicitar Club de letras, Club de lectura... Atención á diversidade (RE, ACS, Plan de enriquecemento...); Impulsar os reforzos fóra da aula e desdobres. Solicitar a colaboración da orientadora familiar do Concello para axudar ao alumnado que non conta con apoio familiar Internacionalizar o centro: Proxecto Erasmus+; Seccións bilingües. 	<p>Na Avaliación Inicial</p> <p>Ao longo do curso</p> <p>Ao longo do curso</p> <p>Ao longo do curso</p> <p>Ao longo de 2 cursos</p>	<p>Alumnado</p>	<p>Xefatura de estudos, equipo de Biblioteca, profesorado e Orientadora</p> <p>Equipo directivo, CFR e Coordinadores dos diferentes países do proxecto</p>
2. Promover a utilización das novas tecnoloxías como recurso didáctico: <ul style="list-style-type: none"> Impulsar as aulas Edixgal coa formación do profesorado, alumnado e familias Dinamizar a páxina WEB do Centro e diferentes blogs do centro así como a plataforma das contas @cpiares.com 	<p>Ao longo do curso</p>	<p>Profesorado, alumnado e familias</p>	<p>Equipo directivo, coordinadora Edixgal e CFR</p>
3. Potenciar a utilización da lingua galega en todos os ámbitos: <ul style="list-style-type: none"> Utilizar o galego en todos os documentos oficiais, comunicacións, convocatorias, etc. Velar polo cumprimento do Proxecto Sociolingüístico trala incorporación de seccións bilingües. Sensibilizar á comunidade educativa respecto ás vantaxes de contar cunha lingua propia: Audiovisuais en galego, potenciación da Semana das letras 	<p>Ao longo do curso</p>	<p>Comunidade Educativa</p>	<p>Equipo de Dinamización Lingüística</p>

galegas			
ÁMBITO ORGANIZATIVO E DE XESTIÓN/MEDIDAS	TEMPORALIZACIÓN	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<p>1. Impulsar o Plan de xestión do centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Informar dos criterios de financiamento das actividades complementarias e extraescolares, considerando a posibilidade de colaboración do Concello no financiamento de actividades docentes fóra do centro 	Ao longo do curso	Alumnado	Equipo directivo e Concello
<p>2. Continuar coa estrutura organizativa propia do noso centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dar a coñecer os horarios do equipo directivo. • Planificar as reunións de todos os órganos. • Favorecer a coordinación de todo o profesorado. • Mellorar o intercambio de información entre as diferentes etapas educativas. • Seguir impulsando a innovación e a mellora continua: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Dando a coñecer á CCP e ao Claustro iniciativas de interese . ▪ Apoando proxectos de innovación que redunden en beneficio do Centro. 	<p>A principio de curso</p> <p>Ao longo do curso</p> <p>Ao longo do curso</p>	<p>Comunidade Educativa</p> <p>Profesorado</p> <p>Profesorado</p>	Equipo directivo

2.- HORARIO XERAL. CRITERIOS PEDAGÓXICOS

- A xornada escolar en Ed. Infantil e Primaria é xornada continuada de mañá, de 9:30 a 14:30h. e na ESO é de 9:30 a 14:50h de luns a venres e o luns pola tarde de 16:00 a 17:40h.
- Os horarios elaboráronse tendo en conta os seguintes criterios:
 - Aproveitamento máximo dos recursos humanos e das instalacións.
 - A adaptación do horario á dispoñibilidade das instalacións do centro.
 - A compatibilidade dos horarios de Educación Infantil, Primaria, e Secundaria
 - O horario lectivo de mañá dividirase :
- Na ESO en 6 sesións de 50 minutos, incluída a formada polos 2 recreos de 10 minutos
- En Primaria en 5 sesións, as 2 primeiras de 1 h. e as 3 restantes de 50 minutos cun recreo despois das 3 primeiras de 30 minutos.
- En Infantil 5 sesións cun recreo de 30 min aproximadamente despois das 3 primeiras sesións.
- As reunións do Departamento de Orientación establécense por separado, nunha sesión para Educación Infantil e Primaria, e outra sesión para Secundaria para unha maior operatividade.

- A preferencia de impartir a Educación Física en EI e EP a cursos do mesmo nivel en sesións consecutivas, ou ben no mesmo día, e na ESO as dúas sesións semanais consecutivas para cada curso.
- Reparto de gardas de substitución.
- Coincidencia da sesión de Titoría dos cursos da ESO, para poder establecer actividades complementarias en conxunto.
- O horario do centro poderá modificarse en vésperas de Nadal, Entroido e último día lectivo, adiantando a saída ás 13:30h. debido á realización de actividades extraescolares e complementarias que varían o normal funcionamento do centro (non haberá comedor).

•Horario non lectivo

- O Centro abrirá dende as 7:30 h ata as 9:15h para levar a cabo o Programa **Almorzares**, organizado e xestionado pola ANPA.
- Dende as 9:15h ata as 9:30h haberá profesorado de garda na entrada para atender ao alumnado de transporte escolar.
- As tardes dos luns, os mestres de educación infantil e primaria teñen as titorías de familias e as reunións de coordinación.
- As tardes dos martes, resérvanse para as reunións dos diferentes órganos colexiados: CCP, Claustros, Consello Escolar.
- As tardes dos **mércores**, para as actividades de formación do profesorado.
- A ANPA organiza diferentes actividades polas tardes no centro: Clases de inglés para EI, EP e ESO de luns a xoves de 16:30 a 18:30h, patinaxe e piscina .

•Horario de atención ao público

Cargo/Departamento	Horario
Oficina administrativa	De luns a venres de 9:30 a 13:30h
Secretaría	De luns a venres de 10:30 a 11:30h
Dirección	Luns a venres de 9:30 a 10:30h. Previa cita.
Xefaturas de Estudos	Previa cita, chamando ao teléfono do Centro
Orientadora	Previa cita, chamando ao teléfono do Centro
Profesorado titor	Previa petición de hora no horario establecido e informado ás familias na 1ª reunión.
Encargada do comedor	15:30h

No mes de xullo a oficina administrativa do centro estará aberta ao público de 10:00 ás 13:30h e en agosto o centro permanecerá pechado.

3.- ORGANIZACIÓN: CALENDARIO ESCOLAR. DATAS DE AVALIACIÓN

O Calendario Escolar para o curso 2019-2020 está regulado pola :

ORDE do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia publicada no DOG nº 122 do venres 28 de xuño de 2019.

Recordando que os **períodos lectivos** serán:

1. **Infantil e Primaria:** Do 11 de setembro de 2019 ao 19 de xuño de 2020 (ambos inclusive).
2. **Secundaria:** Do 16 de setembro de 2019 ao 19 de xuño de 2020 (ambos inclusive).

As **vacacións** :

1. **Nadal:** Do 23 de decembro de 2019 ao 7 de xaneiro de 2020 (ambos inclusive).
2. **Entroido:** Os días 24, 25 e 26 de febreiro de 2020.
3. **Semana Santa:** Do 6 de marzo ao 13 de abril de 2020 (ambos inclusive).

Os **días festivos**, os establecidos no Calendario laboral a nivel estatal e autonómico e ademais o **día 31 de outubro (día do Ensino)**.

Tal como se recolle na Orde anteriormente mencionada ó abeiro do artigo 7.2 o Consello Escolar en sesión ordinaria do 24 de setembro de 2019, acordou solicitar como **día non lectivo o 20 marzo**

2019

L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO						
						1	1	2	3	4	5	6				1	2	3							1		
2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31				25	26	27	28	29	30	23	24	25	26	27	28	29	
30																					30	31					

2020

L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
XANEIRO							FEBREIRO							MARZO							ABRIL						
		1	2	3	4	5						1	2							1			1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29		23	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30			
														30	31												

MAIO							XUÑO						
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28
25	26	27	28	29	30	31	29	30					

Mes	Día	
Setembro	2, 3, 4, 5	Probas correspondentes á convocatoria extraordinaria do curso 2018/2019.
	9	Claustro (10h) e C.E.(11h)
	11	Comezo das clases no 2.º ciclo de educación infantil, educación especial e educación primaria.
	16	Comezo das clases na ESO, Bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.
	24	Claustro (16:30h) e C.E. (17:30)
Outubro	15	Último día de entrega de programacións
	22	Claustro (16:30h) e C.E. (17:30)
	31	Día non lectivo. Día do Ensino
Novembro	1	Día non lectivo. Día de Todos os Santos.
Decembro	6	Día non lectivo. Día da Constitución.
	23, 24, 25, 26, 27, 30, 31	Vacacións de Nadal.
Xaneiro	1, 2, 3, 6, 7	
Febreiro	3 ao 14	Consumo Froitas frescas
	24, 25, 26	Vacacións de Entroido.
Marzo	19	Día non lectivo. Día de San Xosé.
	20	Día non lectivo solicitado polo centro
Abril	6, 7, 8, 9, 10, 13	Vacacións de Semana Santa.
Maio	1	Día non lectivo. Día da Festa do Traballo.
	11 ao 22	Consumo de froitas frescas
Xuño	1	IV Feira. Ares de conto
	2	Voto Chanteiro. Festa local
	19	Remate das clases no 2.º ciclo de educación infantil, educación especial, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.

No Claustro do día 24 de setembro aprobáronse as seguintes **datas de AVALIACIÓNS**:

E.I. e E.P.				
AVALIACIÓNS	CURSOS	DATA	HORA	ENTREGA DE NOTAS
1ª AVALIACIÓN	INFANTIL	2 DECEMBRO	16:30H	20 DECEMBRO ENTREGA DE NOTAS Saída ás 13:30h.
	1º, 2 e 3º E.P.	9 DECEMBRO		
	4º, 5º e 6º EP	10 DECEMBRO		
2º AVALIACIÓN	INFANTIL	16/03/19	16:30H	3 ABRIL ENTREGA DE NOTAS (Horario normal)
	1º, 2 e 3º E.P.	23/03/19		
	4º, 5º e 6º EP	24/03/19		
3º AVALIACIÓN	INFANTIL	3 XUÑO	16:30H	19 XUÑO ENTREGA DE NOTAS. Saída ás 13:30h.
	1º, 2 e 3º E.P.	8 XUÑO		
	4º, 5º e 6º EP	9 XUÑO		

E.S.O				
AVALIACIÓNS	CURSOS	DATA	HORA	ENTREGA DE NOTAS
AVALIACIÓN INICIAL	1º e 2º ESO + alumnado novo de 3º e 4º ESO	1 OUTUBRO	16:30H	
1ª PREAVALIACIÓN	1º a 4º ESO	12 NOVEMBRO	16:30H	
1ª AVALIACIÓN	1º a 4º ESO	17 DECEMBRO	16:30	20 DECEMBRO ENTREGA DE NOTAS Saída ás 13:30h.
2ª PREAVALIACIÓN	1º a 4º ESO	18 FEBREIRO	16:30	
2º AVALIACIÓN	1º a 4º ESO	31 MARZO	16:30H.	3 ABRIL ENTREGA DE NOTAS (Horario normal)
3ª PREAVALIACIÓN	O profesorado achegará a información aos tutores a semana do 21 ao 25 de maio			
3º AVALIACIÓN E ORDINARIA	1º a 4º ESO	22 XUÑO	10:00H.	23 XUÑO ENTREGA DE NOTAS ás 12:00h

4.- PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

•Xefa do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares: M^a Josefa Seijo Bellón

•Actividades complementarias de iniciativa propia

- **Conxuntas de todo o colexio**
Nas datas establecidas polos propios días

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> •Magosto (29 Novembro) •Nadal (21 de decembro) 	<ul style="list-style-type: none"> •Día da non violencia e da Paz (30 xaneiro) •Entroido (21 febreiro) 	<ul style="list-style-type: none"> • O Día do libro •As Letras Galegas •IV Feira: Ares de conto (1 de xuño)

- XIV Carreira Quilómetros de solidariedade en Colaboración coa ONG “Save The Children”. Corramos como galegos! (Dpto. Relixión e Ed. Física, para todo o alumnado) o 19 decembro.
- II xornadas de R.C.P. do centro organizadas polo Dpto Ed.Fca (Novembro2019).
- Patios dinámicos (Todo o curso e todo o alumnado)

- **De todo o centro e pendentes de confirmación das datas**

- Saídas por Ares
- Saídas a coñecer a contorna natural (EI, EP, ESO)
- Concertos Didácticos en A Coruña (EI, EP, ESO)
- Teatro na escola (EI, EP)
- Visita ás casas Museo da Coruña (EP)
- Teatro e exposicións na obra social de Abanca e a Fundación Barrié
- Contacontos e Teatro a cargo do alumnado da ESO para EI e EP (Dinam. Lingüística)

- **Por etapas :**

• **ED. INFANTIL:**

- Musical en Afundación en Ferrol (pdte confirmación)
- Concerto didáctico no Palacio da Ópera da Coruña (sen confirmar).
- Asistencia ao espectáculo "Acuario" no auditorio de Narón (6 de novembro)
- Excursión fin de curso.

• **ED. PRIMARIA**

- Teatro (Afundación Ferrol). (Todos os cursos, pdte confirmación)
- Visita ao museo de Historia Natural e Naval en Ferrol
- Teatro (Narón). (Todos os cursos, pdte confirmación)
- Participación na celebración da Feira “Ares de Conto”. (Todo o alumnado do centro)
- Asistencia a Concertos Didácticos a Coruña. (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º EP solicitados)
- Concurso **Ahora vamos andando al cole**, de Fundación Mafre, no mes de outubro (3º e 4º EP)
- Participación “I JORNADAS ESCOLARES : CAMINO INGLÉS A SANTIAGO Y XACOBEO 2021 (fanpa ferrolterra)” (3º, 4º, 5º e 6º EP)

O alumnado de 5º e 6º EP participará nas seguintes actividades:

- Relacionadas coa educación ambiental.
- Actividades de educación vial “ Stop accidentes”.
- Programa “ Ondas de ilusión”.
- Participación e colaboración no ERASMUS+ KA 229 (4º,5º , 6º EP e 1º ESO).
- Colaboración e participación na difusión do KA 1 : intelixencia emocional .
- Actividades propostas pola biblioteca e o EDLG.
- Charlas da garda civil sobre o acoso escolar e os perigos do uso de internet.
- Actividades de cara a promover a adquisición de estilos de vida saudables, á seguridade vial, a violencia de xénero...
- Actividades en relación ás conmemoracións contempladas no calendario escolar do curso 2019/20 (recollidas na PXA).
- Visitas culturais, museos, conxuntos monumentais e outros lugares característicos da comunidade.
- Actividades ofertadas por Concello ou outros organismos, relacionados con aspectos ambientais, de coñecemento da contorna e de convivencia.
- Programa “Prensa escola”.
- Viaxe fin de curso

• DEPARTAMENTOS ESO

- Concurso de **Relatos curtos** de Coca-Cola (2º ESO- Dpto L.Castelá -L.Galega)
- **Charlas literarias** dalgún autor/a pendentes de data. (Dpto L. Castelá e L. Galega)
- **Teatro** en Narón. Dpto L.Galega
- **Concurso “O Preguntón”** VIII Edición. Concurso literario das letras galegas (EDL, Biblioteca, ESO, EP)
- XXX Concurso da ONCE (EPV-Relixión/Valores- ESO)
- **Intervencións debuxístico-pictóricas** tanto no interior como no exterior do centro (Dpto. EPVA- ESO)
- Saída á **Fervenza de Neda** e asistencia ao **Cine** Odeón para visualizar unha película de animación (Dpto EPVA- 1º ESO)
- Participación en **concursos de deseños de carteis, de debuxo, logotipos, fotografía...**(Dpto EPVA- Toda a ESO)
- Visita ás intalacións da **Estación Biolóxica da Graña** da USC (Bª-Xª- 1º e 4º ESO)
- Visita á **SGHN** en Ferrol (Bª-Xª- 1º ESO)
- Visita á **Estación Depuradora de augas residuais** no concello de Ares (Bª-Xª- 1º ESO)
- Visita ao **Museo DOMUS**, na Coruña (Bª-Xª- 3º ESO)
- **Charlas ou obradoiros sobre sexualidade** en colaboración co dpto. de Orientación do centro (Bª-Xª- 3º ESO)
- Saída de campo para a **interpretación xeolóxica dunha rexión** (por determinar) e coñecemento in situ da metodoloxía de traballo en Xeoloxía, impartida por un experto xeólogo. (Bª-Xª- 4º ESO)
- Contribución á mellora da contorna coa **plantación de árbores, actividades de ecoloxía** coa Asociación Santa Catalina de Montefaro.(Bª-Xª- 4º ESO)
- Visita ao **Muncyt** en A Coruña (Dpto Fca e Qca- ESO)
- **IX Semana Problemática**, organizada por este departamento, para toda a ESO no 3º trimestre. (Dpto.Matem)
- **Olimpiada Matemática** para 2º de ESO, organizada por AGAPEMA. Data por precisar. (Dpto.Matem)
- **“Rally sen fronteiras 2019”**, organizado por Igaciencia. (Dpto Matem. 1º ESO)2º trimestre
- **Concurso “V Matemáticas na Raia”**, organizada por AGAPEMA, para 3ºESO. Data por precisar. (Dpto.Matem)
- **“Reto BigData 2020”**, organizado pola Obra Social “La Caixa” dentro do programa EduCaixa. (4º ESO- Dpto Matem.)
- **II Xornadas de RCP e Primeiros Auxilios no centro (Novembro 2019- ESO- EP- Dpto de Ed. Fca**
- **Xincana de Nadal (20 de decembro- ESO)**
- **Viaxe á neve (3º ESO-Dpto Ed.Fca)**
- **Viaxe Fin de curso 4º ESO a Italia. (Dpto EPVA)**
- **Andaina fin de curso (19 de xuño- ESO- Dpto Ed.Fca)**

•Actividades complementarias en colaboración co Concello

- **XIV Carreira Quilómetros de solidariedade** en Colaboración coa ONG “Save The Children” (Dpto. Relixión e Ed. Física, para todo o alumnado do centro). 19 de decembro.
- **Marcha día +**

•Actividades complementarias en colaboración con outras Institucións

- **Sergas e CFR de Ferrol :** II Xornadas de RCP e Primeiros Auxilios, do 26 novembro ao 29 de novembro colaborarán con charlas formativas dirixidas ao alumnado de 5º e 6º de Primaria e toda a ESO.
- Outras que poidan xurdir durante o curso escolar.

○ Actividades co D.O.

■ Actividades propostas para Primaria :

<ul style="list-style-type: none"> •Charlas impartidas dentro do Plan de Mellora de Seguridade e Convivencia Escolar (PLAN DIRECTOR) para o alumnado de 5º o 6º curso de Primaria , solicitadas para o 1º trimestre e pde de confirmar. ■ “Prevención do Acoso Escolar”- ■ “Riscos de internet”
<ul style="list-style-type: none"> •Outras charlas pendentes de confirmar relacionadas coa igualdade como pode ser Análise de micromachismos nos anuncios publicitarios, prensa, nas redes sociais, internet...

■ Actividades propostas para Secundaria :

<ul style="list-style-type: none"> •Charlas impartidas dentro do Plan de mellora de seguridade e convivencia escolar (Plan Director). ■ “ Prevención do Acoso Escolar” e “ Riscos de Internet” 1º ESO ,2º de ESO e familias pde confirmar data ■ “Prevención do consumo de Alcol e drogas”. 3º ESO ■ “Coeducación: Prevención da violencia de xénero”- 4º ESO
<ul style="list-style-type: none"> •Xornada e charla sobre a violencia de xénero contando coa colaboración e apoio do Concello de Ares . Martes 25 de novembro 1º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> • Obradoiro de Habilidades Sociais para diferentes cursos da ESO en colaboración co Concello de Ares a través dalgunha asociación(exemplo: Asfedro). Cursos ou datas sen concretar 2º TRIMESTRE OU 3º TRIMESTRE .
<ul style="list-style-type: none"> •Obradoiro de (educación sexual- afectiva emocional e educación para a adolescencia) para 3º e 4º ESO . Datas sen concretar 2º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> •Charla das Forzas Armadas dirixidas ao alumnado de : <ul style="list-style-type: none"> ○ 4º ESO o día 16 e 23 de xaneiro na hora de titoría. . 2º Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> •III Xornada de O. académica e profesional de Ferrolterra celebrada no Auditorio de Caranza .Datas sen concretar. 2º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> • Diferentes Charlas de O.ACADÉMICA-PROFESIONAL: especialmente, para 4º ESO .Visita deste alumnado a Institutos da contorna, Centros de Formación Profesional. Datas sen concretar. • 2º TRIMESTRE OU 3º TRIMESTRE

•Actividades en colaboración coa ANPA

- Programa **Almorzares** . Almorzos para o alumnado deste centro dende as 7:30h da mañá. Organizado e xestionado polo ANPA.
- Actividades Extraescolares polas tardes: Inglés, patinaxe e piscina.

•Outras actividades:

- **Operación Quilo** (Solidarios coa cociña económica de Ferrol- Relixión – Todo o centro) Estaremos abertos á colaboración coas distintas organizacións para poder participar nas diversas actividades que se nos presenten ao longo do curso.
- **“PROGRAMA PRENSA- ESCUELA” de la Voz de Galicia.** Participan 4 aulas de Primaria (5º e 6º) e 3 aulas ESO (2º e 3º)
- **PLAN CONSUMO DE FROITAS FRESCAS:** Reparto de froita a todo o alumnado no momento de lecer en 2 quendas: **22 xaneiro ao 2 de febreiro e 20 maio ao 1 de xuño** .
- **PLANS PROXECTA:**
 - **PATIOS ACTIVOS.** Coordinador: Carlos A. Bacelo
 - **Xogade. PARTICIPACIÓN NA PARTE LÚDICA 2º, 5º e 6º EP e toda a ESO.**

- **PLAMBE** : Plan Mellora das Bibliotecas escolares. Realizaranse diferentes actividades organizadas polo equipo de Biblioteca (**Coordinadora Conchi Cambeiro**) como:
 - Elaboración do **plan anual de lectura**.
 - Robótica: Programación, construción de robots e impresión en 3D. Manter o **recuncho de robótica na sala de informática de Primaria e na Biblioteca**.
 - **Outras actividades** :
 - Contacontos (2 en ingles da asociación cultural Apelón).
 - Visita de autores, charlas de familiares
 - Exposicións en Samaín, Letras Galegas, exposicións de materiais novos...
 - Concurso de portada de libros.
 - Actividade “ Continúa o verso “ para o día das Bibliotecas Escolares 24 de outubro.
 - Preguntón.
 - Robótica en primaria, para 4º, 5º e 6º, e posibilidade de traballar con Lego Boost en 1º ciclo e Escornabots en E.I.
 - Torneo de xadrez en colaboración co mestre de E.F.
 - Apadriñamentos lectores. O alumnado de 1º de ESO de forma individual lerán un conto a un neno ou nena mais pequeno na biblioteca.
 - Mochilas viaxeiras e bolsa viaxeiras en E.I.
 - **Tarefas asociadas á biblioteca**:
 - Formación dos colaboradores de biblioteca.
 - Organización do recinto lector de ESO.
 - Realización de préstamos nos recreos en Primaria e Secundaria.
 - Catalogación das novas adquisicións.
 - Merca de novos volumes.
 - Actividades relacionadas con investigación, novas tecnoloxías e fomento de lectura.
 - Club de letras
 - Club de lectura

• **Proxecto de Aprendizaxe e Servizo: Mente, Emocións e Acción!** proposta educativa que combina nunha soa actividade a aprendizaxe de contidos, competencias e valores coa realización de tarefas de servizo á comunidade .

• **Proxecto Interdisciplinar de centro : "Ares de conto"**. Un dos obxectivos é seguir mantendo activa a web do centro: patrimoniodeares.com

Este proxecto de centro tratará as seguintes temáticas:

- Infantil:
 - 1º e 2º EP: Contos e lendas de Ares
 - 3º e 4º EP:
 - 5º e 6º EP:
 - ESO: Redes e arquitectura indiana. A nosa contorna a través dos contos e da imaxe.
- Todo este traballo terá a súa exposición na IV Feira **Ares de conto o 1 de xuño de 2020**.

• **DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**, o equipo de Dinamización lingüística realiza diferentes actividades ao longo do curso en colaboración có da Biblioteca, como:

1.- RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E ARTÍSTICO

- 1.1- A nosa contorna a través da imaxe: “Ares de conto”
- 1.2.- Acti vidades no Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro, patrimonio de Ares.
- 1.3- Recuperación de festas de carácter popular: Magosto, Samaín, Alfombras florais.
- 1.4.-O Entroido tradicional de Ares .
- 1.5.- Recuperación de xogos tradicionais.
- 1.6.- Nutrir de novos contidos a páxina Web “ patrimoniodeares.com”.

2.- PROXECTO DE CENTRO INTERDISCIPLINAR

- 2.1.-Proxecto de centro: IV FEIRA: “Ares de conto”



3.- POTENCIACIÓN DO GALEGO ORAL E ESCRITO

- 3.1. Contacontos, lecturas compartidas e teatro a cargo do alumnado do centro.
- 3.2. O Valor da experiencia. Diálogo cos nosos maiores.
- 3.3. “Día de Rosalía”.
- 3.4. Día contra a violencia de xénero. Audiovisual colaborativo do alumnado de Ares e Monfero lecturas.
- 3.5. Campaña de animación á lectura: “ A aventura de ler en galego”.
- 3.6. A maleta viaxeira de Ricardo Carballo Calero. Letras Galegas 2020
- 3.7. Confección, maquetación e edición da Revista do EDL “Albares”.
- 3.8. Celebración de distintas datas significativas: Día da Paz, SAME (Semana mundial pola educación), Día dos Dereitos dos Nenos, Día da Muller, Día do Medio Ambiente.

4.- SOMOS SOLIDARIOS. COLABORACIÓN CON DIVERSAS INSTITUCIÓNS E ONG´s . (Educación para o desenvolvemento)

- 4.1. Corramos como galegos!. Carreira solidaria en colaboración con Save The Children.
- 4.2. Concurso Escolar ONCE
- 4.3. Campaña Operación Quilo en colaboración coa Cociña económica de Ferrol e a ONG Cáritas de Ares.

5.- TIC. AS NOVAS TECNOLOXÍAS

- 5.1. Realización de produtos audiovisuais en galego. (Plataforma :TV Tesmoitalingua”).
- 5.2. Radio “Tesmoitalingua nas Ondas”.
- 5.3. Dinamización do blogue “Tesmoitalingua” do EDLG
- 5.4. Creación de actividades interactivas con Educaplay para incorporar ao proxecto “O noso patrimonio”
- 5.5. Gravación de audiovisuais co Chroma Key e dispositivos móbiles.
- 5.6. Colaboración na dinamización do blog da biblioteca escolar Carabela de Ares e do resto de blogs do colexio.
- 5.7. Creación dun arquivo sonoro e visual. Edición de todas as gravacións feitas no colexio para a súa posterior edición e empréstimo aos alumnos e familias.
- 5.8. Programación e robótica.
- 5.9. Plataformas dixitais.
- 5.10. Proxecto creación da Productora Audiovisual TV As Mirandas. Vidas Mariñeiras

6.- COLABORACIÓN COA BIBLIOTECA CARABELA.

- 6.1.- VI Edición do Concurso “Portadas de libros en galego”.
- 6.2.- Un libro un agasallo
- 6.3.- Celebración día das bibliotecas.
- 6.4.- Contacontos e visitas de autores.
- 6.5.- Mochilas e bolsas viaxeiras.
- 6.6.- Apadriñamentos lectores.
- 6.7.- Roteiro por Ares con Rosalía de Castro
- 6.8.- Publicacións.

7.- INTERCAMBIO CON OUTROS CENTROS, INSTITUCIÓNS E ASOCIACIÓNS

- 7.1.- Colaboración co CPI Virxe da Cela (Monfero)
- 7.2.- Colaboración cos centros escolares do Concello de Mugardos
- 7.3.- Colaboración co Concello e distintas asociacións da vila de Ares

5.- PLANS e PROGRAMAS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado deste centro ten solicitados e aprobados xa para algúns diferentes cursos de formación organizados e establecidos no Plan de Formación Permanente do Profesorado (FPROFE):



PARTICIPACIÓN EDUCATIVA	EDULINGÜE	EDUDIXITAL
<ul style="list-style-type: none"> • Contratos-Programa <ul style="list-style-type: none"> ◦ IGUALA-T ◦ CON-VIVE ◦ INCLÚE-T 	<ul style="list-style-type: none"> • Seccións bilingües: <ul style="list-style-type: none"> ◦ 5º EP (Plástica- 2) ◦ 1º ESO (Obrad.Musical- 2) ◦ 3º ESO (Música-1) 	<ul style="list-style-type: none"> • Edixgal (5º e 6º EP)
<ul style="list-style-type: none"> • Plan Proxecta: PDC-Centros activos e saudables. Patios dinámicos e activos. Coordinador: Carlos Baceo- Todo o alumnado 	<ul style="list-style-type: none"> • Englishweek (3º ESO) 	<ul style="list-style-type: none"> • Robótica de Primaria
<ul style="list-style-type: none"> • PIEAS- SEMGAL- (Formación PFPP) 		

Outras iniciativas a destacar:

- **Con respecto á Consellería:**
 - Solicitud Club de lectura (ESO)
 - Solicitud Club de letras (ESO)
 - **PLAN CONSUMO DE FROITAS FRESCAS (4 semanas)**
 - **PLAMBE**
- **A Nivel estatal e/ou europeo.**
 - **BIG DATA** (Fundación A Caixa)- ESO
 - **ERASMUS+ KA-229: Artworks from European Festivities and Traditions en cooperación con 5 países europeos: Polonia, Turquía, Rumanía, Grecia e Italia)- Alumnado de 6º EP e 1º ESO**
 - **ERASMUS KA 101- Coordinado polo CFR- Job Shadowing do profesorado.**
- **PROPIOS DO CENTRO**
 - **Proxecto Interdisciplinar de centro :”Ares de conto”.** Un dos obxectivos é seguir mantendo activa a web do centro: *patrimoniodeares.com* . *este traballo terá a súa exposición na IV Feira Ares de conto o 1 de xuño de 2020.*
 - **Proxecto Vidas Mariñeiras en colaboración co GALP (Consellería do Mar)**
- **PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO:**
 - Seminario: **Introdución da Robótica na aula e Impresión 3D**
Profesorado interesado en formarse para introducir a Robótica en EP. Coordinadora : **Conchi Cambeiro**
 - Grupo de traballo: **EDIXGAL como recurso educativo.** Coordinadora **Vanesa Sánchez**
 - Seminario : **SEM-GAL** . Coordinadora : **Olalla Pérez Otero**
 - Grupo de traballo: **Internacionalización do CPI As Mirandas.** Coordinadora: **Mª Josefa Seijo Bellón**
 - Grupo de traballo: **Medramos coa natureza.** Coordinadora: **Dulce Mª Carballeira Fernández**
 - **Cursos de formación individual solicitados polo profesorado e algúns xa concedidos no CFR e EOIE:**
 - **Nivel de competencia lingüística, inglés.**

- Edixgal
- TDAH
- Escolas cardiosaudables

EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	
Yolanda Castro López	COORDINADORA
Maica Canedo Aldao	(EI)
Lucía Seoane Torrente	2ºEP
Leticia Casal Gudín	PT
Lucía Paz Rocha	3ºEP
Marina Sánchez Magariños	6º EP
Olalla Pérez Otero	EP
Conchi Cambeiro López	A.L.
Miguel Mosqueira Fociños	ESO
Vanesa Sánchez Filgueira	PT -ESO
Blanca Cortizas Gómez	

EQUIPO TIC	
Conchi Cambeiro	EI/EP
Carlos Bacelo	Coordinador
Blanca Cortizas	ESO
Vanesa Sánchez	EDIXGAL
Mª Josefa Seijo Bellón	EP

EQUIPO DE FORMACIÓN	
Conchi Cambeiro López	Coordinadora Robótica
Vanesa Sánchez Filgueira	Coordinadora EDIXGAL
Leticia Casal Gundín	Coordinadora PFPP
Olalla Pérez Otero	Coordinadora SEMGAL
Dulce Mª Fernández Carballeira	Coordinadora Espazos verdes no centro
Mª Josefa Seijo Bellón	Coordinadora do GT Proxectos europeos
Blanca Cortizas Gómez	Membro do equipo directivo

EQUIPO DE INTERNACIONALIZACIÓN	
---------------------------------------	--

M ^a Josefa Seijo Bellón	COORDINADORA
Ana Arnosó Fabal	EI
Fernanda Martínez Sixto	EI
Josefina Martínez Martínez	EI
M ^a Mercedes Lestayó Brage	EI
Leticia Casal Gudín	PT-EP
Olalla Pérez Otero	EP
M ^a Carmen Moares Ares	EP
M ^a Concepción Cambeiro López	A.L.
M ^a del Rosario Gómez Costas	PT-EP
M ^a Vanesa Sánchez Filgueira	PT -ESO
Victor Rodríguez Saavedra	ESO
Amparo Arias Sanmartín	ESO
M ^a Blanca Cortizas Gómez	

6.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

•O comedor escolar

O comedor do centro ofrece servizo de almuerzo (Almorzares) e de xantar.

A xestión do almuerzo corresponde ao ANPA. O horario é de 7:30 a 9:15h

A xestión do xantar é de competencia da Consellería de Educación, exercida conxuntamente pola Dirección e o Consello Escolar do centro. No presente curso académico o servizo de comedor ten unha persoa encargada: Dña Ana Arnoso Fabal (mestra de infantil), 6 profesores colaboradores: Josefina Martínez Martínez (mestra de E.I.), Montserrat Guillamó (mestra de 5º EP), Pacucha Pérez Bouza(Inglés EP), Bárbara Sánchez Lorenzo (mestra de ed. Física), Miguel Mosqueira Fociños(ESO), Juan Bautista Lorenzo Crespo(Secretario do centro) e 1 coidadora colaboradora, Pilar Varela. Actualmente temos aprobadas 236 prazas, 224 para o alumnado.

O Horario do xantar é de 14:30 a 15:30h.en 2 quendas:

- De 14:30 a 15:30h todo o alumnado de infantil.
- De 14:30 a 15:30h. Todo o alumnado de Primaria.
- De 15:00 a 15:30h. Todo o alumnado da ESO

Neste curso aprobouse a modificación e adaptacións á nova lexislación do **Protocolo e Normativa de uso do servizo de comedor. (AnexoI)**

•O transporte escolar

Temos 2 rutas de transporte escolar:

1.De Redes (Paralelo) ata Ares (CPI) con 7 paradas.

2.De Chanteiro (Chanteiro Praia) a Ares (CPI) con 10 paradas .

En cada ruta hai unha acompañante para o coidado do alumnado no transporte.

A empresa de transporte está xestionada pola Consellería de Educación e concedida a ARRIVA, S.L.

No presente curso académico modificouse a **normativa do transporte escolar**, o seu uso, así como a identificación dos usuarios lexítimos e non lexítimos e dos acompañantes. **(AnexoII)**

7.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

•AVALIACIÓN EXTERNA

Coa entrada en vigor da LOMCE poden realizarse as avaliacións externas individualizadas nos cursos 3º e 6º de EP e 4º de ESO.

Se non varían substancialmente as instrucións con respecto ao curso pasado, a comisión de coordinación do proceso de avaliación estará constituída por:

- A Directora: Mª Blanca Cortizas Gómez
- A Xefa de Estudos de EI e EP: Mª del Rosario Gómez Costas, ou da ESO: Vanesa Sánchez Filgueira
- A Xefa do Departamento de Orientación: Mª Begoña Vilar Martínez
- Titores de 3º EP, 6º EP e/ou 4º de ESO

O informe de resultados desta avaliación consta dunha puntuación acadada polo alumno en cada unha das competencias avaliadas en relación coa media de Galicia e a media dos centros que pertencen ao mesmo estrato socioeconómico e cultural, polo que daranos unha referencia para tomar decisións sobre a mellora do desenvolvemento do currículo das etapas.

•AVALIACIÓN INTERNA

•Avaliación dos Documentos de Planificación Docente

- PXA
- PAT
- Plan de Convivencia
- Plan de Igualdade
- Proxecto Lingüístico de centro
- Proxecto Lector: Club de letras, e Club de lectura
- Plan TIC

•Avaliación dos Proxectos

- Edixgal
- Seccións Bilingües
- Plambe
- Plan Proxecta: Recreos Activos
- Erasmus+
- Aprendizaxe e Servizo: Mente, Emoción e Acción
- Proxecto de centro: Ares de conto
- Contratos-programa

•Avaliación do rendemento escolar do alumnado

Os resultados das avaliacións individuais do noso alumnado servirán de referencia para a adopción de medidas correctoras da actividade docente.

- Informes de avaliación inicial
- Informes de avaliación trimestral
- Informes de avaliación final, ordinaria e extraordinaria.

8.- PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

A CCP, reunirse periodicamente (reunións de EI,EP e ESO), para facer un seguimento das medidas aplicadas cara a consecución dos obxectivos propostos na PXA.

O Claustro do profesorado valorará o grado de cumprimento dos obxectivos e establecerá propostas de mellora se é preciso.

A Memoria Anual, ao remate de cada curso, recollerá os resultados da avaliación final: grado de consecución dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas e dos recursos aportados, análise dos resultados das avaliacións finais en canto á consecución das competencias básicas do noso alumnado e propostas de mellora cara ao seguinte curso escolar.

9.- CUMPRIMENTO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DA P.X.A.

D. Juan Bautista Lorenzo Crespo, secretario do CPI As Mirandas de Ares

CERTIFICA:

Que na xuntanza do Consello Escolar , celebrada o día 22 de outubro de 2019, foi aprobada a Programación Xeral Anual para o curso 2019-2020.

E para que conste, expido e asino a presente certificación.

En Ares, a 23 de outubro de 2019

Sinatura

D. Juan Bautista Lorenzo Crespo

(Anexo I)

PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR**1. NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO E COMPORTAMENTO NO COMEDOR**

O coidado e o respecto pola saúde é un dos valores fundamentais e prioritarios que se ten que marcar o noso Centro.

O momento do comedor proporciona un horario moi aproveitable para crear hábitos e para traballar outros valores, ademais de contribuír á organización da vida familiar, que ofrece o centro e, como tal, debe marcarse uns obxectivos:

- 1.- Promover e desenvolver hábitos alimentarios saudables.
- 2.- Garantir unha dieta que favoreza a saúde.
- 3.- Promover hábitos hixiénicos saudables.
- 4.- Desenvolver o compañeirismo, o respecto e a tolerancia.
- 5.- Conseguir un entorno físico e social saudable.

Por todo isto é necesario fixar unhas actitudes e normas ante a propia persoa e en relación coas demais:

NO COMEDOR:

- O alumnado de 6º de E. Primaria e de ESO colaborará en:
 - montar as mesas nas quendas establecidas.
 - servir as mesas nas quendas que se lles indiquen.
- Cando toque o timbre, todos os alumnos aproveitarán para ir aos baños para facer as súas necesidades e lavar as mans e baixarán en orde e silencio ata o vestíbulo de entrada ao comedor.
- Cada alumno/a ocupará durante todo o curso o sitio que lle sexa asignado o primeiro día polo encargado/a de comedor.
- O persoal colaborador xunto co alumnado encargado recollerán os pratos utilizados e recollerán as bandexas na barra da cociña.
- En cada mesa haberá dous alumnos servidores que repartirán a comida entre os compañeiros.
- Unha vez rematado o xantar os alumnos recollerán e limparán as súas mesas.
- Dentro do comedor os alumnos deberán observar un comportamento axeitado:
 - a. Non está permitido levantarse sen permiso.
 - b. Durante o tempo do xantar o alumnado non deberá levantarse ao baño, a non ser por causa de indisposición urxente ou enfermidade crónica e sempre co permiso e a vixilancia dalgunha persoa colaboradora.
 - c. Non se debe elevar o volume de voz.
 - d. Non se deben realizar actos que atenten contra os mínimos decoros ao xantar: sentarse incorrectamente, cuspir a comida, botarllela aos compañeiros, etc.
 - e. Respetarán o material dos compañeiros/as así como o mobiliario e menaxe do comedor.
 - f. Non deberán desperdiciar nin facer mal uso da comida que se lles serva.
 - g. Deberán comer de todo, tanto primeiro como segundo prato, así como a sobremesa, adecuando a cantidade a súa idade. Se un prato non gusta moito, servirase menos cantidade.
 - h. Calquera tipo de comportamento asocial (accións antihixiénicas, menosprezo, desobediencia, insulto, agresión física) contra os compañeiros ou contra o persoal laboral e colaborador será considerado unha falta grave.
 - i. Todo tipo de comportamento impropio será denunciado e sancionado no momento por parte do persoal colaborador que haxa no Comedor, e haberá unha notificación escrita ou oral para a casa.
 - j. As faltas de asistencia ao comedor deberán ser notificadas e xustificadas con antelación e antes das 10h do mesmo día, por correo electrónico (cpi.asmirandas@edu.xunta.es, ou

por teléfono **881930020**) . Admitirase tamén unha nota escrita presentada no centro ese mesmo día antes das 10h.

k. As sancións, aprobadas polo Consello Escolar **do día 4 de setembro de 2019**, quedan establecidas mediante o seguinte baremo:

TIPO DE FALTA	SANCIÓN	
Comportamento inadecuado ao xantar	1ª vez	1 día realizando tarefas sociais no comedor e, se considérase oportuno, apartalo do grupo.
	2ª vez	1 semana realizando tarefas sociais no comedor e, se considérase oportuno apartalo do grupo..
	Reiteración na falta	Falta de orde, advertencia á familia e sancionará a comisión de convivencia.
	Persistencia na falta	Pódese determinar a expulsión por un mes ou mais tempo, do Servizo de Comedor.
Menosprezo, desobediencia e insulto	1ª vez	1 semana realizando tarefas sociais no comedor e, se considérase oportuno, apartalo do grupo.
	2ª vez	2 semanas realizando tarefas sociais no comedor e, se considérase oportuno, apartalo do grupo.
	Reiteración na falta	Expulsión do Servizo de Comedor.
Agresión física	1ª vez	Suspensión cautelar do servizo de comedor .
	Reiteración na falta	Expulsión definitiva do Servizo de Comedor.
Faltas inxustificadas de asistencia	5	PERDE O DEREITO DE ASISTENCIA AO COMEDOR
Faltas de puntualidade inxustificadas na entrada coma na recollida	1ª vez	1 día realizando tarefas sociais no comedor e, se considérase oportuno, apartalo do grupo.
	2ª vez	1 semana realizando tarefas sociais no comedor e, se considérase oportuno, apartalo do grupo.
	Reiteración na falta	Falta de orde, advertencia á familia e sancionará a comisión de convivencia.
	Persistencia na falta	Pódese determinar a expulsión por un mes ou máis tempo, incluso definitiva, do Servizo de Comedor.

NAS ENTRADAS E SAÍDAS:

- As mesmas normas de comportamento deberán observarse unha vez abandonado o comedor e mentres dure o tempo de lecer.
- Unha vez rematado o xantar sairá primeiro o alumnado que sexa usuario de transporte escolar, e a continuación o resto de alumnado acompañado polos colaboradores ata o portal exterior.
- No patio e no comedor non se tirarán papeis, cascas ou restos de calquera outra cousa.
- O alumnado NON PODERÁ SAIR DO CENTRO sen autorización ESCRITA dos seus pais/nais ou titores, que deberá ser entregada ao persoal encargado do servizo.
- O alumnado deberá ser puntual na entrada ao comedor como na recollida por parte das familias á saída. O persoal colaborador velará para que se cumpra esa puntualidade.

2. O SERVIZO:

- Haberá o número de persoas colaboradoras suficientes tal e como recolle a Orde do 21 de febreiro de 2007 e na Instrución 2/2019 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Educación do 6 de xuño.
- A principio de curso, enviarase este protocolo de funcionamento ás familias así como o menú do primeiro trimestre.
- As familias deberán indicar na solicitude se hai algunha intolerancia alimentaria, xustificala debidamente, para poder tomar as correspondentes medidas tanto na preparación dos menús, no servizo e no momento de xantar.
- Os alumnos/as deberán entender que as persoas colaboradoras do comedor escolar son as responsables durante ese tempo, de tal maneira que respectarán e obedecerán as súas indicacións.
- As funcións do persoal relacionado co comedor (laboral, colaborador, encargado, director) aparecen recollidas nos art. 8, 9, 10 e 11 da devandita Orde do 21 de febreiro de 2007.
- Dende o servizo de comedor, trimestralmente, se proporcionarán ás familias os menús, tendo en conta que poderían haber algunhas modificacións en función das circunstancias.
- **As dietas especiais deberán ser xustificadas documentalmente con informe médico por parte das familias diante do Consello Escolar.** As familias deberán indicar na solicitude se hai algunha intolerancia alimentaria, xustificala debidamente, para poder tomar as correspondentes medidas tanto na preparación dos menús, no servizo e no momento de xantar.
- Abonarse o importe mensual do servizo de comedor nos primeiros 20 días do mes seguinte, este pago poderá realizarse de diferentes modos:

- **Pagamento nas entidades autorizadas pola Consellería de Facenda**

Unha vez cargados os datos de uso do comedor do mes que corresponda, os centros, a través da aplicación COMEDORES e seguindo as indicacións da citada aplicación, descargarán os impresos de pagamento e poranos a disposición dos suxeitos pagadores. Os centros poderán asistir aos suxeitos obrigados que asinarán os impresos en proba de conformidade, tras verificar a súa idoneidade.

O conseqüente ingreso das cantidades que corresponda, realizarase en calquera das entidades de depósito autorizadas pola Consellería de Facenda para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos desta comunidade autónoma.

Os suxeitos obrigados conservarán os xustificantes do “pagamento para o interesado”, presentando nos centros, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de “pagamento para a Administración” debidamente validados polas entidades de depósito, para os efectos de complementar as posteriores comprobacións que deban efectuarse.

- **Pagamento a través do Espazo Abalar**

Así mesmo, os impresos de pagamento estarán dispoñibles directamente para os usuarios do Espazo Abalar sen necesidade de acudir ao centro para obtelos. Ademais, o pagamento por esta vía é comunicado automaticamente á aplicación COMEDORES, polo que os suxeitos obrigados ao pagamento que empreguen este sistema non terán que presentar xustificante algún no centro.

- **Pagamento a través da Oficina virtual tributaria**

Igualmente, as persoas interesadas poderán utilizar a oficina virtual tributaria

(<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confección-impresos>) para realizar os pagamentos de xeito telemático. Os suxeitos que opten por esta vía deberán presentar no centro, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de pagamento correspondentes.

- O importe será de 4,5 € por día se hai que aboar a totalidade sen bonificacións, 2,5€ se corresponde a metade e 1€ ou gratuíto. O pago farase mediante ingreso na conta específica da Secretaría Xeral, tendo que constar o mes e nome do alumno/a no concepto de ingreso.
- O non pagamento do servizo será sancionado coa expulsión del.
- As contías serán actualizadas ao inicio de cada curso en función das instrucións da Consellería de Educación.

3. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN COA COMIDA SOBRANTE

Segundo a **Instrución 3/2017** da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre o procedemento que se levará a cabo no caso de comida sobrance; establécense unhas directrices e recomendacións respecto da conservación da comida sobrance, que garanta a integridade e inocuidade dela ata o momento da súa recepción polas entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro adicadas aos servizos sociais no entorno xeográfico do colexio, de xeito que chegue as persoas necesitadas en condicións idóneas de seguridade alimentaria e salubridade.

No Consello Escolar Extraordinario celebrado o día 4 de setembro de 2019 decídese:

- Establecer unha relación entre Servizos Sociais do Concello e asociacións sen ánimo de lucro que realizan actividades de axuda humanitaria.
 - Os servizos sociais elaborarán un listado de familias que precisen axuda.
- A asociación humanitaria será a encargada de recoller no centro a comida sobrance se así houbese e entregala nas diferentes familias.

4.- PROTOCOLO DE INCORPORACIÓN DE COLABORADORES AO COMEDOR.

Ao final de cada curso escolar abrírase un período ata o 3 de setembro para que se anoten nun listado o persoal do centro que quere ser colaborador no comedor escolar.

Se houbese máis demanda que prazas ofertadas, terán preferencia :

- O persoal que non colaborase no pasado curso escolar.
- O persoal definitivo no centro.
- Pola letra do primeiro e segundo apelido segundo a establecida pola Administración.

5.- PROTOCOLO DE INCORPORACIÓN DE USUARIOS AO COMEDOR.

O alumnado usuario de comedor escolar será incorporado ao centro baseándonos nos criterios xa establecidos na lexislación vixente, considerando:

- No caso de empate, terase en conta os seguintes criterios:
 - Formar parte da mesma unidade familiar.
 - Por nivel de renda familiar.
 - Por discapacidade dalgún familiar.
 - Pola letra do primeiro e segundo apelido segundo a establecida pola Administración .
- No caso de incompatibilidade horaria considérase que por circunstancias de autonomía persoal o alumnado de Infantil , primaria e 1º e 2º ESO terá preferencia ao de 3º e 4º ESO, por esa orde.

6.- LEXISLACIÓN

A lexislación aplicada é a seguinte:

- **Orde do 21 de febreiro de 2007** (DOG do 5 de marzo) .
- **Orde do 13 de xuño de 2008.**
- **Decreto 132/2013 do 1 de agosto** (DOG nº154, do 13 de agosto 2013).
- **Instrución 2/2019** da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño de 2019 **sobre funcionamento de comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2019-2020.**

Anexo II

NORMATIVA TRANSPORTE ESCOLAR DO CPI AS MIRANDAS

Normativa aplicable:

- Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG do 09.07.1986),
- Decreto 160/1988 (DOG do 27.06.1988), Orde do 1 de marzo de 1991 (DOG do 14.03.1991),
- Orde do 29 de xullo de 1988 (DOG do 01.09.1988),
- Decreto 30/2007, do 15 de marzo (DOG do 16.03.2007) e
- Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG do 19.03.2007).
- Instrución 3/2019 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 30 de maio sobre a xestión do servizo de transporte do curso escolar 2019-2020.

O servizo de transporte do CPI Conde As Mirandas está adxudicado pola Consellería de Educación á Empresa ARRIVA S.L.

Consta de 2 rutas:

- 1.- O Pedregal (Redes)-CPI As Mirandas
- 2.- A Queira /Mariocos – CPI As Mirandas

Cada ruta conta cun autobús con condutor e acompañante.

No **Anexo I** aparecen os cadros das rutas co horario aproximado das paradas.

Usuarios

“Serán usuarios lexítimos de **transporte escolar** o alumnado escolarizado no centro escolar cuxo domicilio se encontren fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km.” **Isto conleva a preferencia do Servizo de Comedor sempre e cando o empreguen continuamente.**

“Poderase autorizar excepcionalmente o uso deste servizo sempre que existan prazas vacantes, non supoña creación de novas paradas, nin cambio de ruta, ..ao seguinte alumnado: Alumnado de 2º ciclo de Infantil, Primaria e ESO, cuxo domicilio estea a unha distancia do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1km en zona urbanizada e 500m en zona non urbanizada”

Estas autorizacións excepcionais non suporán preferencia nin gratuidade no servizo de comedor.

O alumnado usuario deste servizo terá uns dereitos e uns deberes que debe cumprir.

- **Dereitos:**
 - Á información sobre a normativa vixente
 - Uso diario do autobús escolar en condicións de calidade e seguridade.
 - A un trato correcto por parte dos demais compañeiros, da acompañante e do condutor.
 - A que as paradas sexan nun lugar seguro e establecido ao efecto.
 - A contar cun lugar onde colocar as mochilas e o material escolar.
 - A chegar no horario establecido ao centro escolar.

Deberes:

- Ter unha boa conduta como no centro escolar.
- Respectar o posto establecido pola acompañante, así como o coidado e a limpeza do autobús.
- Cumprir coas normas de comportamento e seguridade vial.

- Obedecer as instrucións do condutor e da acompañante.
- Informar ao condutor ou á acompañante cando non van a usar o servizo.
- Informar aos acompañantes das persoas autorizadas na recollida.
- **Levar consigo o carné de transporte do centro.**
- Ser puntual.

O incumprimento destas normas, será considerado como se se producira no centro escolar, aplicándose as normas de organización e funcionamento do centro .

Sería preferible que levaran o teléfono de contacto para resolver situacións anómalas (falta de puntualidade na recollida,) e, tal como están as instrucións da Consellería, o condutor levará ao alumnado que non é recollido na parada puntualmente ás cocheras.

Acompañantes

A súas funcións son:

- A vixilancia e coidado do alumnado transportado.
- Comprobar as subidas e baixadas nas paradas do alumnado segundo o listado facilitado polo centro escolar
- Acompañar ao alumnado dende as paradas ata o interior do recinto escolar.
- Asignar as prazas que deben ocupar o alumnado .
- Comprobar que todo o alumnado estea sentado antes de comezar a marcha o autobús.
- Axudar nas subidas e baixadas ao alumnado que presente certa discapacidade visual ou motora.
- Velar polo cumprimento das normas por parte do alumnado.
- Atender ao alumnado ante calquera situación irregular.
- Comunicar calquera incidencia observada no traxecto á Dirección do centro, colaborando para a súa solución.

Para unha boa realización destas funcións os acompañantes deberán levar un listado nominal coa seguinte información:

- Nome do alumnado e parada adxudicada.
- Un teléfono de urxencia e/ou contacto
- O nome das persoas encargadas de recoller nas paradas a cada alumno/a.

Conclusión

- Esta normativa estará vixente no presente curso escolar.
- Os acompañantes no transporte escolar terán un listado co alumnado e a correspondente parada.
- O alumnado debe ser puntual.
- O alumnado baixará na parada que ten debidamente autorizada. Se por calquera causa, excepcionalmente, ten que empregar outra parada, debe ser comunicado previamente ao centro, no correo cpi.asmirandas@edu.xunta.es ou nunha nota asinada pola familia entregada ás acompañantes.
- As familias colaborarán tanto co cumprimento da normativa como coa información ás acompañantes no transporte escolar.
- É desexable cumprimentar os Anexos II se ceden os datos ás acompañantes, comprobar os datos do carné por se hai algún erro para corrixilo e o anexo III cando se precise, para poder garantir un bo funcionamento do servizo.
- Os condutores e acompañantes informarán as familias do horario orientativo nas diferentes paradas.

Anexo I

**RUTA 1: O PEDREGAL- CPI AS MIRANDAS
ACOMPAÑANTE: MARTA**

PARADA	HORA SAÍDA (MAÑÁ)	HORA CHEGADA (MEDIODÍA)	HORA CHEGADA (Tarde, só para luns e alumnos de ESO)
O PEDREGAL	9:10h	15:45h	18:00h
CRUCE REDES	9:12h	15:43h	17:57h
FRENTE ESCOLA	9:14h	15:41h	17:55h
O PARALELO	9:16h	15:39h	17:53h
CAMINO RODELAS	9:18h	15:37h	17:51h
SESELLE	9:20h	15:35h	17:49h
O CASTRO	9:22h	15:33h	17:47h
CPI AS MIRANDAS	9:25h	15:30h	17:45h

**RUTA 2: CHANTEIRO PRAIA- CPI AS MIRANDAS
ACOMPAÑANTE: PATRICIA**

PARADA	HORA SAÍDA (MAÑÁ)	HORA CHEGADA (MEDIODÍA)	HORA CHEGADA (Tarde, só para luns e alumnos de ESO)
A QUEIRA	9:05h	-	-
MARIOCOS	9:08h	-	-
CHANTEIRO PRAIA	9:10h	15:45h	18:00h
CHANTEIRO	9:12h	15:43h	17:57h
OS GALGOS	9:14h	15:41h	17:55h
LUBRE ABAIXO	9:16h	15:39h	17:53h
LUBRE ARRIBA	9:18h	15:37h	17:51h
CERVÁS	9:20h	15:35h	17:49h
CRUCE	9:22h	15:33h	17:47h
CPI AS MIRANDAS	9:24h	15:30h	17:45h

ANEXO II

D.Dna.....nai/pai/titor/a do
alumnos/a.....matriculado en..... no

CPI As Mirandas de Ares, quero informar aos acompañantes do transporte escolar o seguinte:

TELÉFONOS DE CONTACTO	Nai:.....
	Pai:.....
PERSOAS AUTORIZADAS NA RECOLLIDADNI:
DNI:
	Teléfonos:.....

Ares, a..... dede 201..

Sinatura

D./na.....

DIRECTORA DO CPI AS MIRANDAS-ARES



ANEXO III

D./Dna.....con DNI:

nai/pai/titor legal do alumno/a.....de.....

do CPI As Mirandas, AUTORIZO :

A D./Dna.....con DNI.....

a recollelo meu fillo/a na parada..... o día.....

.....

Ares de 201..

Asinado

D./Dna.....

(Este Anexo cubrirase excepcionalmente cando o vai recoller alguén non contemplado no Anexoll)

DIRECTORA DO CPI AS MIRANDAS- ARES



Anexo III: NORMATIVA DA BIBLIOTECA ESCOLAR**HORARIO:**

- A biblioteca permanecerá aberta nos diferentes recreos e ao longo da mañá para os grupos de alumnos acompañados do profesorado nas horas lectivas.

NORMAS DE USO:

- O alumnado entrará na biblioteca cando estea a profesora encargada dentro.
- Non se pode comer nin beber.
- Estar en silencio para non molestar aos demais usuarios.
- Os ordenadores e a tablet están destinados a consultas ou realización de traballos. Para a súa utilización haberá unha lista diaria para apuntarse na biblioteca.
- Os xogos e revistas estarán colocados nunha estantería móbil que a levará todos os días un encargado da biblioteca para a entrada cuberta.

SERVICIO DE PRÉSTAMO:

- Todos temos un número de carné (podedes facer marcadores para recordalo).
- Os colaboradores da biblioteca farán o préstamo e devolucións de libros e DVDs no ordenador principal.
- Para devolver un libro ou DVD, basta con depositalo dentro da caixa de devolucións.
- Podes ter o libro ou DVD un máximo de 15 días, se no te chega o tempo podes renovalo 15 días máis.
- No caso de non devolver o material prestado, terás que mercar outro igual.